



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, no **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. A quinta praza corresponde designala a ANPA.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 3 está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o día 4 ata o día 11 de novembro, ambos incluídos.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir das 9.30 horas do día 4 de novembro e, ata as 14.00 horas do día 11 de novembro con cita previa na Administración do centro ou ben por correo electrónico no enderezo ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal.



4.- O **sorteo** dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **15 de novembro**, ás **16.15 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 20 de novembro, ambos días inclusive. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

6.- As votacións realizaranse neste Centro o **día 22 de novembro, de 13.00 horas a 17.00 horas**.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de tres nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Carral, 3 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: Cristina Pedreira Fuentes